

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CAMOS PARA O ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA DO CENTRO LOCAL SOCIODEPORTIVO DA PARROQUIA DE CAMOS EN NIGRÁN

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Gerardo Ferreira Coello, actuando en nome e representación da **Comunidade de Montes Veciñais en man común de Camos**, con DNI 76.998.906 N, en calidade de presidente, nomeado por acordo do órgano competente da CMVMC de Camos, segundo os seus Estatutos e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 50 dos mesmos.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

SEGUNDO.- O artigo 1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, define o monte veciñal en man común e rexeranse por esta lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais en calidade de grupos sociais e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

TERCEIRO.- A CMVMC de Camos é unha comunidade de montes veciñais en man común, que ten como obxecto social a regulación da administración, disfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Camos que forma parte do concello de Nigrán.

CUARTO.- O Plan Director 2021-2023, Galicia Destino Seguro, dentro das liñas estratéxicas e plans de accións inclúe na Liña estratéxica 1 Galicia destino seguro e de saúde, o plan de acción 1.3 Turismo Activo e Deportivo, na que entre outras opcións operativas, se aposta polo deporte base e amateur como activo desestacionalizador e mobilizador de visitantes do mercado interno e doutras comunidades adxacentes, así como polo desenvolvemento de programas deportivos vinculados ao Camiño de Santiago, mediante a posta en valor da peregrinación como unha vía para desconectar e adoptar hábitos saudables.

QUINTO.- A CMVMC de Camos manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia para acometer o proxecto denominado "Substitución de material de cubrición no centro do local socio deportivo de Camos" que ten por obxecto a substitución da cuberta deste edificio.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se encontra a cuberta do Centro Sociodeportivo que evidencia importantes filtracións e humidade que poden ocasionar o derrubamento da cuberta e causar graves danos na saúde e integridade física das persoas usuarias.

A falta de recursos da CMVMC configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a comunidade de montes.

SEXTO.- As actuacións a levar a cabo consistirán en reparar esta situación de maneira definitiva coa substitución do material de cubrición da cuberta do edificio, sen afectar á estrutura, eliminando as cubertas planas existentes, expulsando a auga da edificación e mellorando no posible as condicións térmicas da envolvente nas zonas da actuación.

SÉTIMO.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a CMVMC de Camos a través do presente convenio de colaboración responde ao interese común de ambas as dúas partes. Con esta actuación preténdense potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva e poder potenciar estes recursos turísticos complementarios á oferta turística da comarca, sendo necesario concibir unha nova tipoloxía de produtos turísticos, é dicir, produtos combinados e transversais que abran o camiño cara novas experiencias turísticas diversificadas e poñendo en valor medidas de seguridade na promoción de destinos.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Comunidade de Montes en man común dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camos para o proxecto de substitución de material de cubrición no Centro Local Sociodeportivo da parroquia de Camos en Nigrán.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 29.947,50 (IVE incluído), cuxo orzamento se xunta desagregado como anexo I.

Deste orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 29.947,50€, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2023.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da comunidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Comunidade veciñal obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. Compromisos da Comunidade:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura do convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar na determinación das accións a levar a cabo no citado proxecto.

Cuarta.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2023**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Inexistencia relación laboral

A subscripción deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas que realizasen as actuacións do seu obxecto, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sétima.- Xustificación e pagamento

1º. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa** con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.
- i) -Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións urxentes e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **1 de decembro de 2023**.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento

estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

4º. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

5º. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6º. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe que se obriga a achegar a Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta que poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pago, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagos xustificados, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Coa solicitude de anticipo a CMVMC deberá presentar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá xuntar declaración de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto nos artigos 65 e 67 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a realización dos pagamentos anticipados e a conta a CMVMC terá que constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €.

Novena.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A CMVMC será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a CMVMC deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décimo segunda.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio. A firma do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Do mesmo xeito, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2023**.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola CMVMC de Camos

A directora

O presidente

M^a Nava Castro Domínguez

Gerardo Ferreira Coello

ANEXO I

PARTIDA	CONCEPTO	MEDICIÓN	PREZO UNITARIO	TOTAL
0	M2 de Montaxe de andamios. $15,00 \times 4 \times 6,50 = 390\text{m}^2$	390,00	13,00	5.070,00
1	M2 de Retirada do material de cubrición da cuberta actual e levar escombros ao vertedoiro. $8,00 \times 12,70 = 100\text{m}^2$	100,00	30,00	3.000,00
2	Ml de Retirada do canalón perimetral para a canalización das augas pluviais en todo o perímetro do casetón central excepto na zona do núcleo das escaleiras e levar escombros ao vertedoiro. $8,00 \times 2 + 12,70 \times 2 = 42\text{m}$	42,00	5,00	210,00
3	M2 de Retirada do peto de pedra natural nas barandas das terrazas na fronte das catro fachadas da edificación, incluso o remate do acabado do muro de perpiaños, e levar escombros ao vertedoiro. $4,00 \times 4 \times 1,00 + 5,10 \times 4 \times 1,00 = 37\text{m}^2$	37,00	80,00	2.960,00
4	Ml de Retirada da baranda metálica actual das terrazas na fronte das catro fachadas da edificación e levar escombros ao vertedoiro. $4,00 \times 4 + 5,10 \times 4 = 37\text{m}$	37,00	5,00	185,00
5	Ud de Retirada do remate da cheminea de chapa de aceiro da calefacción que se atopa fora de uso, así como outras canalizacións que están en uso e levar escombros ao vertedoiro.	1,00	100,00	100,00
6	Ud de Traslado da antena a outra ubicación fora da edificación sobre poste de madeira existente	1,00	100,00	100,00
7	M2 de Formación de pendentes nas terrazas da cuberta entre o acabado do casetón central e o perímetro do cerramento das catro fachadas mediante perfís metálicos sobre tabiques apoiados directamente sobre o forxado actual tomado con morteiro de cemento. terrazas $51,00 \times 2 + \text{núcleo escaleiras } 21,00 = 123\text{m}^2$	123,00	20,00	2.460,00
8	Ud de Reparación da estrutura metálica existente para evitar a corrosión por oxidación, que inclúe o raspado das zonas danadas e tratamento antioxidación, incluso si fora necesario a substitución dos elementos que non sexan recuperables, a xustificar por material aplicado e horas de persoal	1,00	1.000,00	1.000,00
9	M2 de MATERIAL DE CUBRICIÓN con panel sandwich HDX de 80 mm na cuberta composta con panel sándwich lacado + aillante + lacado de 80 mm de espesor, con tapaxuntas, conformado con dobre chapa de aceiro e perfil nervado, lacado ao exterior e galvanizado ao interior, con recheo intermedio de espuma de poliuretano de 40 kg/m^3 de densidade, fixado a perfís tipo Omega de aceiro galvanizado, fabricados en chapa de 2 mm de espesor e fixados mediante parafuso inoxidable Aisi 316 de	242,00	25,00	6.050,00



	<p>M8x80 mm. Incluso p/p de solapes especiais con plegado de chapas para remate de ocos, accesorios de fixación, limahoiás, cumbrera, remates laterais, xuntas de estanqueidade, encontros especiais con paramentos verticais, chemineas e elementos de fixación. Segundo CTE. Inclúe: o transporte e movemento vertical e horizontal dos materiais en obra, incluso carga e descarga dos camións. Delimitación dos ocos de iluminación e ventilación. Limpeza e presentación dos paneis. Colocación dos paneis. Ensamble, reglaxe e suxeición das chapas mediante parafusos autorroscantes. Resolución de encontros especiais e remates. Execución de encontros especiais e remates. Protección ata a finalización das obras fronte a accións mecánicas non previstas no cálculo. Eliminación de restos, limpeza final e retirada de escombros a vertedoiro. Incluso p.p. de carga e transporte a vertedoiro, así como p.p. de montaxe de medios auxiliares e de seguridade. en horizontal $100 + 2 \times 51,00 = 202$ m² en pendente 242,00 m</p>			
10	<p>M2 de ACABADO DE PARAMENTOS VERTICAIS con panel sandwich HDX de 80 mm, composta con panel sándwich lacado + aillante + lacado de 80 mm de espesor, con tapaxuntas, conformado con dobre chapa de aceiro e perfil nervado, lacado ao exterior e galvanizado ao interior, con recheo intermedio de espuma de poliuretano de 40 kg/m³ de densidade, fixado a perfíles tipo Omega de aceiro galvanizado, fabricados en chapa de 2 mm de espesor e fixados mediante parafuso inoxidable Aisi 316 de M8x80 mm. Incluso p/p de solapes especiais con plegado de chapas para remate de ocos, accesorios de fixación, limahoiás, cumbrera, remates laterais, xuntas de estanqueidade, encontros especiais, segundo CTE. Inclúe: o transporte e movemento vertical e horizontal dos materiais en obra, incluso carga e descarga dos camións. Limpeza e presentación dos paneis. Colocación dos paneis. Ensamble, reglaxe e suxeición das chapas mediante parafusos autorroscantes. Resolución de encontros especiais e remates. Execución de encontros especiais e remates. Protección ata a finalización das obras fronte a accións mecánicas non previstas no cálculo. Eliminación de restos, limpeza final e retirada de escombros a vertedoiro. Incluso p.p. de carga e transporte a vertedoiro, así como p.p. de montaxe de medios auxiliares e de seguridade. lateral cuberta bar $2 \times 15 = 30$ m²</p>	30,00	50,00	1.500,00
11	<p>PA de ACABADO DE ELEMENTOS SENLLEIROS METÁLICOS con panel sandwich HDX de 80 mm, composta con panel sándwich lacado + aillante + lacado de 80 mm de espesor, con tapaxuntas, conformado con dobre chapa de aceiro e perfil nervado, lacado ao exterior e galvanizado ao interior, con recheo intermedio de espuma de poliuretano de 40 kg/m³ de densidade, fixado a perfíles tipo Omega de aceiro galvanizado, fabricados en chapa de 2 mm de espesor e fixados mediante parafuso inoxidable Aisi 316 de M8x80 mm. Incluso p/p de solapes especiais con accesorios de fixación, remates e xuntas de estanqueidade, encontros especiais, segundo CTE. Inclúe: o transporte e movemento vertical e horizontal dos materiais en obra, incluso carga e descarga dos</p>	1,00	1.000,00	1.000,00

	camións. Limpeza e presentación dos paneis. Colocación dos paneis. Ensamble, reglaxe e suxeición das chapas mediante parafusos autorroscantes. Resolución de encontros especiais e remates. Execución de encontros especiais e remates. Protección ata a finalización das obras fronte a accións mecánicas non previstas no cálculo. Eliminación de restos, limpeza final e retirada de escombros a vertedoiro. Incluso p.p. de carga e transporte ao vertedoiro, así como p.p. de montaxe de medios auxiliares e de seguridade. en pasarela posterior sobre o bar e laterais do núcleo da escaleira			
12	M2 de ACABADO DE NUCLEO DE ESCALEIRAS con panel sandwich HDX de 80 mm, composta con panel sándwich lacado + aillante + lacado de 80 mm de espesor, con tapaxuntas, conformado con dobre chapa de aceiro e perfil nervado, lacado ao exterior e galvanizado ao interior, con recheo intermedio de espuma de poliuretano de 40 kg/m ³ de densidade, fixado a perfíles tipo Omega de aceiro galvanizado, fabricados en chapa de 2 mm de espesor e fixados mediante parafuso inoxidable Aisi 316 de M8x80 mm. Incluso p/p de solapes especiais con accesorios de fixación, remates e xuntas de estanqueidade, encontros especiais, segundo CTE. Inclúe: o transporte e movemento vertical e horizontal dos materiais en obra, incluso carga e descarga dos camións. Limpeza e presentación dos paneis. Colocación dos paneis. Ensamble, reglaxe e suxeición das chapas mediante parafusos autorroscantes. Resolución de encontros especiais e remates. Execución de encontros especiais e remates. Protección ata a finalización das obras fronte a accións mecánicas non previstas no cálculo. Eliminación de restos, limpeza final e retirada de escombros a vertedoiro. Incluso p.p. de carga e transporte a vertedoiro, así como p.p. de montaxe de medios auxiliares e de seguridade, incluso corte dos paneis actuais do núcleo da escaleira e selado das portas de acceso actuais 2 x 5,5 = 11 m ²	11,00	125,00	1.375,00
13	Ml de CANALÓN EXTERIOR Subministro e colocación de canalón exterior fabricado en aluminio en cor por determinar de 0.7 mm de espesor, con desenrolo aprox. de 450 mm e conectado ás baixantes 25,00 x 2 = 50,00	50,00	10,00	500,00
14	BAIXANTE EXTERIOR Subministro e colocación de catro baixantes exteriores fabricado en aluminio en cor por determinar de 0.7 mm de espesor, con diámetro de 160 mm e a súa saída libre ao nivel do terreo 5,25 x 4 = 21 m ²	21,00	15,00	315,00
15	Traballos de seguridade e saúde na execución da obra – incluso elaboración do Plan de Seguridade e Saúde	1,00	800,00	800,00
16	Tratamento de residuos na execución das obras	1,00	600,00	600,00
	TOTAL DO PREZO DAS OBRAS			27.225,00
	O IVE CORRESPONDIENTE - 10%			2.722,50
	TOTAL			29.947,50